



Illa de liberdade

Chelo Suárez

Estou no seu barco, teño que abandonalo, se non o fago viverei condenada para o resto da vida, se antes non me mata.

Comprometinme a cegas. Como puiden estar tan tola para non decatarme a tempo? Díxenlle si, e encadeeime a el. Ao pouco da voda, as súas imposicións, o seu maldito carácter pesábanme coma un lastre. Parvadas, cousas sen importancia, contestoume a miña nai o día que lle mostrei a primeira mazadura. Algo farías para incomodalo, filla, aos maridos débeselles obediencia...

As mulleres somos parvas. Axiña que chega un tipo que nos gusta, se nos propón matrimonio, aló imos de cabeza. Non pensamos nin calculamos o que ven detrás dese contrato que só os beneficia a eles. Vendémonos baratas e por riba disfrazámonos... Traxe branco de cola, moita cola, veo, flores, banquete... Un capital invertido en nada. Se acaso, inda que non o saibamos para decorar o altar do noso sacrificio.

Estes oito anos foron para min un pesadelo. Quero que me volva os meus días roubados, non ter que levar contas fronte ao espello das mazaduras, esas pequeneces conque a miña nai, que en paz descanse, bautizou o primeiro golpe. Odio a gaiola onde me ten presa. Son unha muller ou un paxariño asustado? Pode que unha muller moi, moi asustada que desexa ter ás, para fuxir polo aire, aló onde as súas mans non podan alcanzarme. Estou no seu barco, se me tiro pola borda non conseguirei poñerme a salvo. A miña illa da liberdade está lonxe, está en min pero está lonxe, nadar contra corrente non é doado. Fáltame valor... Obxecto, son un obxecto. El di que é o meu dono, que se pido o divorcio mátame. Odio os seus zapatos, eses zapatos de marca que dan sucias patadas. Seu olor, ese olor disfrazado de locións e perfumes caros. Hoxe non podo saír, nin mañá... Se cadra nunca A onde podería ir cun brazo esnaquizado e a cara sinalada? Dirán, como dicía a miña nai, que son culpable. Sen cartos propios e moi difícil saír do labirinto... Se morrese... Pero... Porqué eu, porqué non morre el?

Si, podería morrer, de calquera cousa, ter un accidente, un infarto... Entón sería libre e xa non volvería a tocarme...

Algunhas noites a súa virilidade maniféstase brutal... Nada de amor, tan só urxencia de sexo, e sobre todo, un afán de dominio. Ás veces, para me compensar, regálame unha alfaia. Podía regalarme afecto, xa que non amor. Un día sen me poñer a man enriba, sen me insultar. A estas alturas conformaríame con recuperar a miña dignidade.

Chegou a casa de madrugada; mentres atravesaba o corredor, pensando na desvalida muller, tivo unha erección. Antes de entrar na alcoba imaxinoua cos ollos asustados, fráxil, pálida, escudándose tras o parapeto dunha saba. Esa visión toleábao...

-Mar, Mar, prenda!-murmurou achegándose ao leito.

A cama estaba baleira.

-Estúpida muller! Mar!

O baño. A porta estaba fechada. Empurrouna violento e emprendeuna a patadas con ela.

Mar, abre, prenda, abre!. Sei que estas aí... Abre, puta, abre!

Mar, non contestou.